

DECRETO: Contratación dunha auxiliar administrativo de Intervención por baixa da titular da praza.

DON XOAN XESUS CARRIL RAMOS, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

Vista a providencia da alcaldía de data 24/04/2026 da necesidade e urxencia de cubrir o posto de auxiliar administrativo de Intervención, para substituír a traballadora titular da praza.

Visto o informe da secretaria do Concello da mesma data sobre a necesidade de contratación.

Visto o informe de existencia de crédito para a contratación dun auxiliar administrativo de intervención para dar cobertura por ILT da titular da praza.

Vista a dilixencia de chamamentos realizada pola AEDL de data 08/07/2026

Visto que Raquel Cascón Rodríguez, que según dilixencia de data 08/07/2026 si aceptou o posto de traballo, mentres dure a baixa da titular, e entregou a documentación solicitada.

No uso das atribución que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Nomear como funcionaria interina a **RAQUEL CASCON RODRIGUEZ**, mentres dure a baixa da titular da praza auxiliar administrativo de Intervención, Cristina Fernandes Cascón.

SEGUNDO: Publicar este decreto no Taboleiro de anuncios do Concello de Arzúa (<https://sede.concellodearzua.com/opencms/es/informacion>)

TERCEIRO: Notificar esta resolución a interesada para que tome posesión no prazo de 3 días hábiles. Dar traslado deste decreto os departamentos de tesourería e intervención.

ARZÚA, asinado dixitalmente na data e hora que figura ao marxe

O Alcalde – Presidente
Asdo.- Xoán Xesús Carril Ramos

Dou fe, O secretario
Asdo.- Manuel Alfonso Alcalá Pérez